

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A REAL ACADEMIA GALEGA POLO QUE SE INSTRUMENTAN AS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS PARA ACCÍONS CULTURAIS E DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA E PARA INVESTIMENTOS E SE REGULA O SEU RÉXIME DE LIBRAMENTOS CON CARGO AOS ORZAMENTOS DE 2025

Santiago de Compostela

REÚNENSE:

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril de 2024, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024.

Don Henrique Monteagudo Romero, co NIF , presidente da Real Academia Galega que actúa no seu nome e representación, de acordo co seu nomeamento que se acordou na Xunta extraordinaria do 4 de abril de 2025 e de acordo coas atribucións que lle confire o artigo 25 dos estatutos desta institución.

Ambas as dúas partes, na representación que teñen e recoñecéndose plena capacidade para obrigarse e convir

EXPOÑEN:

1. Que nos capítulos IV e VII do estado de gastos do orzamento da comunidade autónoma para o ano 2025 figuran dúas subvencións nominativas a favor da Real Academia Galega (en adiante RAG) por un importe total de oitocentos noventa mil euros (890.000,00 €), con cargo ás partidas orzamentarias 13.02.151A.481.1 para accións culturais e de

1/34



investigación lingüística e 13.02.151A.781.0 para investimentos.

2. Que de acordo co artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (en adiante Lei 9/2007) os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas previstas na Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) A definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) O réxime xurídico aplicable.

c) Os beneficiarios e as modalidades de axuda.

d) O réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.

3. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, consonte ao Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

4. Que o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, adscribe a RAG á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (consellería con competencias en materia de Cultura e Lingua).

5. Segundo o Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproban os seus estatutos, a RAG é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego. O seu artigo 2 estipula que as súas finalidades son as seguintes:

- Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Parlamento de



Galicia, nomeadamente:

- Elaborar a norma gramatical, ortográfica e fónica, o inventario do léxico e a proposta dun dicionario de uso e a modernización e actualización do léxico.
- Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- Velar polos dereitos do idioma galego.
- Defender e promover o idioma galego.
- Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

A RAG levará a cabo, coa periodicidade que se estableza, sesións de traballo destinadas ao cumprimento destas finalidades.

6. A disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega se estimará como criterio de autoridade o que establece a RAG.

En consecuencia, a RAG ten a obriga de levar a cabo un traballo continuado de actualización e modernización da lingua galega co fin de satisfacer as novas necesidades expresivas que se derivan da vida moderna e ofrecer directrices para o uso correcto do idioma galego.

7. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante a Consellería) e a RAG desexan colaborar para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto nas seguintes normas:

- a) A Constitución española establece no artigo 3 que “as outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos”, ademais de recoñecer que as linguas de España son un patrimonio cultural que deberá



ser obxecto de respecto e protección.

- b) En consonancia coa Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 5 dispón que “a lingua propia de Galicia é o galego” e que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa”.
- c) A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística establece a obriga dos poderes públicos de Galicia de garantir o uso normal do galego e do castelán como linguas oficiais da Comunidade Autónoma galega. Así mesmo, establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.
8. Que de acordo co artigo 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, para o outorgamento destas subvencións non é posible promover a concorrência pública, xa que no estado de gastos dos orzamentos para 2025 aparecen dúas dotacións nominativas en favor da RAG.

Por todo o exposto, formalízase o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio ten por obxecto instrumentar o réxime de libramentos das subvencións nominativas que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 en favor da RAG, conforme ao establecido no estado de gastos da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

SEGUNDA. FINALIDADE

A finalidade destas subvencións nominativas á RAG é o financiamento de parte dos seus gastos correntes de funcionamento, así como a realización de investimentos e outros gastos de capital que lle orixine a realización dos proxectos e traballos que, dentro da súa programación anual, leve a cabo en materia de normalización do idioma galego de acordo



co que establecen os seus estatutos.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS PARA DESENVOLVER

A RAG comprométese a destinar as achegas económicas recibidas a través deste convenio a sufragar os gastos correntes e de investimento que se orixinen durante o ano 2025 como consecuencia das seguintes actuacións, encarreiradas a través das distintas seccións, seminarios e grupos de traballo nos que se organizan os labores da RAG:

Arquivo

Persoal adscrito: Jacobo Manuel Caridad Martínez.

- Corrección e revisión da documentación do módulo de descrición da aplicación DigiArch para proxecto ARPAD (Arquivo Dixital de Galicia) e solución de incidencias indicadas por Galiciana.
- Instalación, descrición, dixitalización e elaboración de contidos de novas adquisicións.
- Xestións de adquisición de material de conservación específico de arquivo e atención a necesidades de limpeza e restauración de fondos documentais.
- Xestións dirixidas a dixitalización de fondos arquivísticos.
- Xestión de pedimentos de reproducións, atención a usuarios e colaboración con outros departamentos da RAG.
- Continuación do inventario de fotografías con obra custodiada nos fondos da RAG e reinstalación dos documentos de gran formato (CARP)
- Participación no Día Internacional dos Arquivos, Día Internacional do Patrimonio, Ano Castelao, Letras Galegas etc.
- Trámites de edición da revista *La Tribuna. Cadernos de Estudos da CasaMuseo Emilia Pardo Bazán* e Anexos á revista.



Biblioteca/Hemeroteca

Persoal adscrito: Ana María Menéndez Rodríguez e Fernando Pereira González.

- Actualización do catálogo de monografías e publicacións periódicas.
- Selección para a adquisición de material bibliográfico de temática galega e de interese para a Biblioteca e recepción e instalación dos novos fondos bibliográficos e hemerográficos.
- Xestións para a adquisición de material de conservación específico de biblioteca e para a restauración, encadernación e conservación dos fondos bibliográficos e hemerográficos.
- Seguimento do troco de publicacións con outras institucións.
- Creación dunha sección na biblioteca dedicada ás cantareiras e á poesía popular oral, que serán obxecto de homenaxe en 2025 no Día das Letras Galegas.
- Celebración e difusión do Día do Libro e do Día da Biblioteca.
- Actualización e revisión do catálogo de monografías e publicacións periódicas no programa de catalogación KOHA.
- Continuación do proxecto de elaboración de inventarios de publicacións que se conservan na institución editadas pola RAG desde a súa creación ata hoxe.
- Atención a usuarios.
- Xestións en orde á organización dos labores de traslado de fondos para a súa sede institucional que se prevé para finais de 2025, comezos de 2026.

Colección

Persoal adscrito: Luís Santiago Bande Barreiro.



- Selección para a adquisición de publicacións relacionadas cos fondos da colección artística da RAG co fin de complementar datos e informacións das pezas.
- Coordinación de solicitudes de préstamos de fondos en exposicións previstas e recollida de fondos prestados en mostras que finalizarán ao longo do ano. Para o ano 2025 xa foi solicitada unha peza para a mostra "Arquitecturas que falan do seu tempo", organizada polo Museo de Belas Artes da Coruña.
- Continuación dos traballos de selección de pezas susceptibles de ser sometidas a tratamento de limpeza, restauración, consolidación e intervencións similares. - Continuación dos traballos de elaboración dun inventario do fondo bibliográfico emprazado no almacén da Academia na rúa Faro Fisterra.
- Traballos de control, mantemento e conservación dos fondos da colección.
- Elaboración de contidos para o Museo Virtual da Academia e xestións para fotografar de forma profesional varias pezas.
- Rexistro e catalogación de novas adquisicións e doazóns á Colección da RAG.
- Atención a usuarios.
- Continuación dos traballos de dixitalización da colección artística e arqueolóxica.

Publicacións

Persoal adscrito: Ana Nélida Cosme Abollo.

- Publicacións periódicas: *Boletín da Real Academia Galega*, número 385, dedicado a Luísa Villalta, *Cadernos de Lingua*, número 42 e *La Tribuna Cadernos de Estudos da CasaMuseo Emilia Pardo Bazán*, números 18 e 19.
- Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas.
- Ano Castelao: repositorio dixital, deseños e creatividade.



- Toponimia: *Toponimia de Padrón e Pontecesures, Toponimia de Zas, Toponimia de Carnota.*
- Literatura: Día Internacional da Poesía (21 de marzo), *Epistolario Leite de Vasconcellos / Salazar, Pensamento e ensaio.*
- Historia: *Rimas populares de Galicia / Manuel Murguía.*
- Publicación dos traballos do Seminario de Sociolingüística
- Concurso microrrelatos: xestión e creatividade.
- Edición dixital de discursos académicos históricos.
- Xestión de DOI's e avaliación de revistas científicas, membresía Crossref, traducións e deseño de materiais divulgativos e formativos dos Cursos de Galego para estranxeiros e de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.*

Revisión

Persoal adscrito: Adrián Estévez Iglesias.

Asesoramento lingüístico interno e externo, traducións, correccións e revisións lingüísticas de textos, notas de prensa e publicacións e atención telefónica de consultas. Nomeadamente, en colaboración cos diferentes departamentos, a previsión de traballos é a seguinte:

Departamento de Publicacións:

- *Guía de nomes galegos.* Revisión de textos que actualicen este proxecto conforme ás achegas realizadas tanto por usuarios da guía coma pola propio Seminario de Onomástica.
- *Día das Letras Galegas.* Realizarse a corrección do material editado pola Real Academia Galega en relación co Día das Letras Galegas 2025 dedicado ás cantareiras e a música de tradición oral.
- *Boletín da Real Academia Galega.* Revisión de textos do n.º 385, dedicado a Luísa Villalta.



- Cadernos de lingua. Revisión dos artigos do n.º 42.
- Corrección de artigos para a publicación na web da Academia.
- *Xornada de onomástica*. Revisión dos textos publicados nas actas da xornada. Transcrición dos vídeos das intervencións do público.
- Corrección de publicación e traballos realizados polos seminarios de Onomástica, Sociolingüística e Sección de Literatura.

Departamento de Comunicación:

- Corrección de notas de prensa e textos para a páxina web.
- Preparación de material relacionado co Día das Letras Galegas. Corrección de subtítulos de diverso material audiovisual.
- Corrección de textos do VIII Concurso de Microrrelatos, convocado pola Real Academia Galega e mais a asociación PuntoGal.
- Corrección das biografías de académicos e académicas para a páxina web.
- Corrección de textos para a sección Tribuna da web da RAG.

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán:

- Revisión de publicacións na revista *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Pardo Bazán*.
- Revisión periódica de textos para a publicación en redes sociais.

Biblioteca, Secretaría, Contabilidade:

- Revisión e/ou tradución de textos diversos.

Resolución de diversas consultas ortográficas e gramaticais a través de teléfono e correo electrónico.



Sección de Lingua. Seminarios de Lexicografía, Terminoloxía

Persoal adscrito: Ana Isabel Fachal Fraguela, María Liliana Martínez Calvo e Celia Fernández Vasco.

Lexicografía:

Dicionario da Real Academia Galega:

- Continuación das actualizacións, validación de termos e revisión por campos semánticos asociados a diferentes ramas do saber ou a distintos grupos profesionais, realizadas nas reunións mensuais do Seminario de Lexicografía.
- Continuación do estudo das propostas recibidas do exterior a través da páxina web institucional.
- Incorporación dunha selección de voces das aprobadas polo Seminario de Terminoloxía sobre o nome padrón dunhas 600 aves de Galicia e de España.
- Elaboración de informes solicitados por entidades públicas e privadas sobre cuestións relacionadas co léxico galego.
- Contidos para o Portal das Palabras.
- Publicación do número 42 *Cadernos de Lingua*.
- Celebración dos Cursos de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras.

Dicionario bilingüe castelán-galego/galego-castelán

Comezarase coa actualización deste dicionario, unha vez estean incorporados na web da RAG os contidos cos que se vén traballando nos últimos anos. Para isto, o Seminario de Lexicografía reunirse cada dous meses en sesións independentes ás da actualización da DRAG.

Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega

Completarase a incorporación á web da RAG da plataforma de traballo deste dicionario e



crearase unha infraestrutura bibliográfica e técnica. Para levar a cabo estes traballos será necesaria a realización dun curso de formación en lexicografía diacrónica e etimolóxica do persoal asignado a este proxecto.

Terminoloxía:

- Terminoloxía puntual: estudo e validación de termos que se incorporarán á base de datos de consultas efectuadas a Termigal, procedentes especialmente das administracións, das universidades, do profesorado de Ensino Medio e dos tradutores.
- Celebración de reunións mensuais para a revisión e validación, de ser o caso, das propostas terminolóxicas realizadas polos grupos de traballos.
- Modificación da plataforma dos Nomes galegos das aves de Galicia e de España para engadir novos campos.
- Traballos de terminoloxía sistemática sobre áreas pendentes de concretar, probablemente o padrón dos nomes da flora en galego.

Sección de Lingua. Seminario de Sociolingüística

Persoal adscrito: Joaquín Loredó Gutiérrez e Gabino Segundo Vázquez Grandío.

Esta área de traballo, durante o ano 2025 traballará, fundamentalmente, nos seguintes proxectos:

- O galego segundo a mocidade: análise das actitudes lingüísticas da mocidade centenal galega observando a emerxencia de discursos consistentes cos coñecementos de sentido común relevantes para os diferentes grupos sociais.
- Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela. Céntrase no proceso de desgaleguización da poboación escolar do urbano dese concello.
- A lingua no IES Félix Muriel. Retrato sociolingüístico do centro educativo e da contorna. - A lingua no IESP Xosé Neira Vilas de Oleiros. Retrato sociolingüístico do centro educativo e



da contorna.

- "Modo Galego. Actívao!" Estudo da realidade lingüística local dun concello e a comunidade educativa.
- *Estandarev*, a estandarización lingüística revisitada: estudo comparado dos fundamentos valorativos e ideolóxicos da estandarización lingüística do español, o catalán, o galego e o éuscaro.
- Lingua e sociedade: analiza en profundidade dos datos da Enquisa de condicións de vida das familias do Instituto Galego de Estatística (IGE 218) con especial atención ao módulo de coñecemento e uso do galego.
- Mapa sociolingüístico escolar e modo galego actívao dalgún centro educativo pendente de determinar.

Sección de Lingua. Seminario de Onomástica

Persoal adscrito: Vicente Feijoo Ares, Óscar Castro Castedo e Iván Méndez López

- Actualización continua da Guía de nomes galegos.
- Publicación da listaxe de xentilicios dos concellos galegos.
- Creación dunha web de consulta para os apelidos que figuran na publicación Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización.
- Revisión e corrección da publicacións de toponimia da colección Terra Nomeada.
- Elaboración de informes onomásticos: consultas dos cidadáns e institucións sobre o significado de topónimos ou sobre os criterios da súa oficialización; ademais doutros informes para os xulgados sobre a galeguización de nomes de pía e apelidos.
- Reunións do seminario (quincenais ou mensuais).



Sección de Historia

- Mesas redondas sobre a *Invención de tradicións en Galicia*. Trátase de reflexionar, en clave galega, sobre a "Invención das tradicións" (Hobsbawm e Ranger, 1983), explicando contextos, motivos e consolidación de diversas festas ou conmemoracións.
- Semanarios *Momentos da Cultura Galega*. Debate de grandes momentos ou persoeiros da cultura galega con perspectiva histórica, cultural, literaria e intelectual. A idea é explicar porque momento e figura son importantes para a historia de Galicia, vistos desde hoxe
- Reunión anual da sección.

Sección de Literatura

- Xornada do Día da Poesía
- Xornada Voces da narrativa
- Reunión anual da sección.

Sección de Gramática

- Continuación da elaboración da Gramática Galega.
- Resolución de dúbidas.
- Reunión anual da sección.

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Persoal adscrito: Julia María Santiso Rolán



- Audiovisual para a páxina web e redes sociais: "Contos completos de Emilia Pardo Bazán"
- Revisión das fichas de catalogación das pezas artísticas e mobiliario.
- Material divulgativo: bolsas, marcapáxinas, libriños de recompilación de contos e frases de pardo Bazán, maquetación do Roteiro por Marineda...
- Adquisición de pezas para a Casa-Museo.
- Mantemento das condicións de conservación dos fondos da Casa-Museo.
- Continuación dos traballos de restauración, consolidación e desinsectación das pezas da Casa-Museo.
- Dixitalización, arquivo e organización de documentación administrativa.
- Creación de contidos para páxina web e redes sociais.

Comunicación

Persoal adscrito: Iolanda Fernández Casal e Alberto Lema Suárez

- Xestión cotiá da comunicación da RAG e da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Creación de contidos textuais e audiovisuais arredor da celebración do Día das Letras Galegas 2025.
- Coordinación e creación de contidos para o proxecto Primavera das Letras.
- Deseño de creatividade para a promoción na web e nas redes sociais.
- Deseño visual de material imprimible de difusión da lingua galega para o público infantil para a celebración do Samaín e do Nadal.
- Serie web documental Letras Galegas 2025.
- Gravación de entrevistas de académicos numerarios.



- Selección de servizos de clipping, seguimento medios de comunicación; de subscrición a plataformas de imaxes libres e de deseño gráfico e outras aplicacións para a creación de contidos nas redes sociais.
- Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e Puntogal.

Informática

Persoal adscrito: Juan Montenegro Rey

- Xestión dos servidores, aplicacións e servizos adxuntos para as páxinas web da RAG e da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Xestión, soporte o organización do servidor web da Academia, actualización e mantemento das web da RAG, da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e de Primavera das Letras.
- Xestión de dominios de internet e certificados dixitais.
- Soporte, actualización e mantemento dos equipos informáticos, redes, copias seguridade, usuarios, permisos, plataformas OJS e OMP, xestión de software de catalogación etc.
- Maquetación, codificación e envío do boletín Novas da Academia, cuxos contidos son creados polo departamento de Comunicación.
- Xestión do software de catalogación para a súa actualización na páxina web, tanto da Biblioteca como da Hemeroteca da RAG.
- Xestión de licenzas de Microsoft, Adobe Creative Cloud, Freepik, Canva.
- Xestión do streaming das actividades da RAG.
- Selección de material informático e consumibles



Secretaría de presidencia

Persoal adscrito: María Dolores Sánchez Vales

Reunións académicas:

Xestión e apoio administrativo para o desenvolvemento das diversas xuntanzas académicas.

- Xuntas da Comisión Executiva: 1 reunión mensual + 1 antes de cada pleno: 16 xuntanzas
- Xuntas ordinarias: 4 plenos
- Xuntas extraordinarias: 3 (Día das Letras Galegas e elección da nova Comisión Executiva)
- Xuntas de Seccións, Seminarios, Grupos de Traballo e Comisións

Representacións académicas:

Xestión administrativa da representación institucional dos membros da RAG.

- Participación de membros da Academia na xuntanzas de padroados dos que a RAG forma parte
- Participación de membros da Academia na xuntanzas de xurados de premios
- Participación de membros da Academia en actos e actividades doutras entidades e institucións

Actividades:

Protocolo e coordinación dos diferentes actos e eventos programados pola institución:

- Día Internacional da Poesía
- Concurso de microrrelatos RAG PuntoGal
- Día das Letras Galegas
 - Rolda de presentación de actividades



- Acto central – 17 de maio – A Coruña
 - Simposio Letras Galegas 2025 (dedicado ás cantareiras e á poesía popular galega)
 - Primavera das Letras
- Xornada de onomástica galega
 - Xornada Pensamento e ensaio
 - Presentación de publicacións

Contabilidade

Persoal adscrito: M. Lourdes Revaldería López

- Xestión diaria da contabilidade.
- Elaboración e/ou xestión dos orzamentos e contas anuais, controis financeiros e auditoría.
- Elaboración de documentación de solicitude e xustificación de subvencións, convenios e acordos con organismos públicos e privados.
- Liquidación de impostos e elaboración de declaración informativas.
- Xestión de pagos, compras, contratacións laborais e servizos externos.
- Realización de informes, memorias, previsións económicas, execución e comparativas analíticas do orzamento da RAG etc.

Conserxería

Persoal adscrito: Conserxería: José Roberto Calón López e Rolando Sánchez Couceiro

- Apertura e peche do edificio.



- Atención telefónica.
- Control de entrada e saída de visitas.
- Mantemento básico do edificio, labores de ordenación, control de alarmas, fotocopias e encadernados, recollida e reparto de correspondencia e mandados propios de labores de ordenanza.
- Vixilancia do almacén da RAG.
- Xestión de obras.
- Auxilio aos departamentos da RAG que o soliciten.

CUARTA. TRAMITACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión desta subvención nominativa iniciouse de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se lle imputan as subvencións logo de que a RAG comunicara o programa de actuacións para 2025 que figura na cláusula anterior.

O convenio terá o carácter de bases reguladoras para os efectos do disposto na Lei de subvencións de Galicia e a normativa concordante.

QUINTA. OBRIGAS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A RAG comprométese a:

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, na medida na que resulte de aplicación.
- Adaptar todos os medios técnicos necesarios das súas áreas de traballo para continuar realizando con normalidade e eficiencia as actividades dos diferentes departamentos de xeito telemático, no caso en que por restricións derivadas da actual ou outra emerxencia sanitaria, fose preciso.
- Executar as actividades obxecto de subvención no prazo de vixencia deste convenio.



- Solicitalle á Consellería os informes e autorizacións que sexan preceptivos das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- A RAG consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes destas subvencións nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico, divulgativo e publicacións que se fagan relacionados coas actividades obxecto destas subvencións farase constar, nun lugar destacado, o anagrama da imaxe corporativa da Xunta de Galicia como entidade financiadora.

A entidade beneficiaria deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

SEXTA. FINANCIAMENTO E RÉXIME DE COMPATIBILIDADES

A Consellería contribuirá a financiar os gastos correntes e de investimento e outros de capital cun importe total de 890.000,00 €, con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2025 coas seguintes contías por aplicación orzamentaria:

- Capítulo IV "Transferencias correntes"

Aplicación orzamentaria 13.02.151A.481.1

- Para accións culturais de investigación lingüística por importe de **650.000,00 €**

- Capítulo VII "Transferencias de capital"

Aplicación orzamentaria 13.02.151A.781.0

- Para investimentos por importe de **240.000,00 €**

A medida que se xustifiquen os gastos das actividades obxecto desta subvención, poderán levarse a cabo **pagamentos a conta** polo importe dos gastos xustificadas. A data límite de



presentación da documentación xustificativa para tramitar o último pagamento será o **15 de decembro de 2025**.

Esta axuda será compatible coa percepción doutras axudas para as mesmas actividades sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o 100 % do custo das actividades que vai desenvolver a beneficiaria.

SÉTIMA. FORMA DE PAGAMENTO

Para o abono do importe poderán liberarse pagamentos a conta, a petición da RAG e logo de que presente as correspondentes certificacións de gastos correntes e de capital nas que se acrediten os gastos executados con cargo aos seus respectivos orzamentos. O pagamento efectuarase pola parte proporcional da contía da subvención que efectivamente se xustifique.

Para cumprir co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establécese que o importe dos pagamentos a conta que se concedan **non poderán superar o 80%** da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados (ata o límite de 712.000,00 €). No caso de superar o dito límite, será necesaria autorización do Consello da Xunta.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención que se concedeu.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

Documentación xustificativa:

1. De conformidade co establecido nos artigos 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a documentación xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta->

20/34



[do-cidadán.](#)

Mentres non haxa un procedemento transversal específico para convenios, a devandita presentación realizarase a través do procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado: **<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>**

A instancia xunto coa documentación dirixirase á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude - Secretaría Xeral da Lingua.

Para a presentación da documentación será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Para a percepción de cada un dos pagamentos será necesario presentar a seguinte documentación:

- Unha memoria da actuación, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade, que xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades que se realizaron e dos resultados que se obtiveron.
- Unha memoria económica, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas e que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. Para gastos de escasa contía, por importes inferiores a 1000,00 €, a xustificación do



pagamento poderá realizarse mediante xustificante de recepción do proveedor, no que figure o seu nome ou razón social completo, DNI ou CIF e data de pagamento.

- No caso de edición de material gráfico achegaranse mostras en formato electrónico ou, se estas fosen de acceso a través de Internet, a ligazón para o seu acceso.
- Declaración responsable de que se cumpren todos os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade.
- Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade que as concede, a data e importe total concedido, segundo o modelo que se xunta como anexo II, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade.
- Declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

O órgano xestor está obrigado a comprobar, en último termo, a veracidade da devandita declaración responsable. Así pois, a RAG deberá presentar:

- Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia de que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Porén, a RAG como beneficiaria da subvención nominativa poderá autorizar expresamente á



Secretaría Xeral da Lingua a requirimento desta, para que en calidade de órgano xestor da subvención solicite as certificacións acreditativas de estar ao corrente de pagamento que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (marcar o cadro de verificación da autorización no anexo II).

As distintas declaracións deberán vir asinadas electronicamente.

2. A documentación complementaria presentarse electronicamente, mediante a presentación do documento orixinal se se tratase dun documento dixital, ou da imaxe electrónica do documento orixinal se se tratase dun documento en papel.

Neste último caso, a imaxe electrónica adaptarase ao previsto do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos.

As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para as imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento de orixe e a súa xeración realizarase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que presenten as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia exclusivamente no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 34 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración



dixital de Galicia. Para estes efectos, a entidade interesada deberá conservar o documento orixinal por un prazo de 5 anos desde a presentación da imaxe electrónica.

No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número do expediente e o número ou código único de rexistro.

Gastos subvencionables:

Considéranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza das actividades que se financien e que se realicen no período de vixencia da subvención. Serán admisibles os gastos orixinados **desde o 1 de xaneiro do 2025** ata a data límite de vixencia da subvención.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia da subvención.



Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na vixente lexislación de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade deberá de solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, servizo ou subministración de que se trate, agás que polas súas especiais características non exista mercado suficiente de provedores ou que o gasto fose realizado con anterioridade á data de sinatura de concesión da subvención, o cal deberá de quedar acreditado na documentación xustificativa que se achegue para a percepción da axuda.

Para os meros efectos informativos da entidade beneficiaria, o artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as contías que establece para o contrato menor, segundo a súa tipoloxía, son as seguintes:

- Obra: contía inferior a 40.000,00€, sen incluír o IVE.
- Subministracións ou servizos: contía inferior a 15.000,00 €, sen incluír o IVE.

A RAG facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A falta de xustificación dos investimentos, dentro do prazo de vixencia do convenio, determinará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención de acordo co disposto nos artigos 54, 55 e 56 da vixente Lei de subvencións de Galicia.

NOVENA. REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa. A BDNS recollerá para a súa publicación e difusión pública información sobre o texto das bases



reguladoras destas subvencións, así como a información extractada requirida no apartado 8) do indicado artigo relativo ao obxecto e finalidade destas, os datos da partida orzamentaria á que se imputan as axudas, a identificación das persoas beneficiarias, o importe das outorgadas e efectivamente percibidas e, de ser o caso, as resolucións de reintegros e sancións impostas.

As comunicacións previstas no parágrafo anterior, ao abeiro dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, teñen xustificación porque a BDNS opera como un sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas que serve como instrumento de planificación das políticas públicas para promover a transparencia, mellorar a xestión e colaborar na loita contra o fraude.

Así mesmo, a entidade asinante deberá darlles cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE núm. 295, 10 de decembro de 2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DÉCIMA. DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

Nas actuacións informativas e divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas



actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude - Secretaría Xeral da Lingua e usaranse para iso, cando proceda, os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa da Xunta.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o **30 de decembro de 2025**. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo de audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación.

Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dúas persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeadas pola persoa titular da devandita Secretaría Xeral, e dúas persoas representantes da RAG. Esta comisión, que estará presidida por unha das persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

DÉCIMO TERCEIRA. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA

O representante legal da entidade beneficiaria da subvención nominativa no prazo máximo de dez días dende a sinatura do convenio aceptará inescusablemente por escrito a subvención que se lle concede, así como as condicións impostas para a súa percepción. Transcorrido o referido prazo sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida.



DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Pola aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

De se resolver o convenio, a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora.

DÉCIMO QUINTA. RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os e as profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA. NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder



a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Todos os trámites administrativos que a RAG deba realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Mentres non haxa un procedemento transversal específico para convenios, as devanditas comunicacións realizaranse a través do procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>. A devandita comunicación dirixirase á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude - Secretaría Xeral da Lingua.

DÉCIMO SÉTIMA. POSIBILIDADE DE DESISTENCIA

De xeito excepcional, o presente convenio de colaboración tramítase e asínase mentres o goberno da comunidade autónoma está en funcións, período durante o que deberá limitar a súa xestión ao despacho de asuntos ordinarios, de acordo co establecido no artigo 50 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Coa sinatura deste convenio o goberno contrae compromisos de gasto que non teñen a consideración de gasto corrente. Co fin de que os ditos compromisos non condicionen as medidas que deba tomar o goberno definitivo que o substitúa, establécese a posibilidade de que a administración actuante, a través do órgano que resulte competente, desista dos seus efectos.

DÉCIMO OITAVA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio dos poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, cuxa esta circunstancia se reflectirá no devandito formulario.

Os datos seránlles comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos que identifiquen as persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



DÉCIMO NOVENA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan este convenio no lugar e data sinaladas.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude O presidente da Real Academia Galega

José Carlos López Campos

Henrique Monteagudo Romero



ANEXO I**MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS**

Don/dona: _____ con DNI/NIF: _____

en nome e representación da entidade _____

con CIF: _____

DECLARA:

Que os gastos que deseguido se relacionan, teñen relación directa coa subvención que lle concedeu a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para

Acredor	N.º fra.	Data fra.	Importe	Data pagamento
Suma investimentos				

(Sinatura electrónica)



ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE**DATOS DO/A DECLARANTE**

Nome: _____ Apelidos: _____

NIF: _____ Teléfono: _____

Enderezo electrónico: _____

Entidade á que representa:

CIF: _____ Cargo: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que para as actuacións derivadas do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Real Academia Galega polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISP. REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISP. REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes



públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que a entidade á que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Que a entidade á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.

4. Que a entidade á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

AUTORIZO á Secretaría Xeral da Lingua para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para tramitar os pagamentos derivados do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Real Academia Galega polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos (*riscar no cadro de verificación para autorizar a consulta*).

(Sinatura electrónica)

